



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiatoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 18/11/2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.20 horas do día 18 de novembro de 2016; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen-se os seguintes concelleiros:

D. Jesús Miguel Prado Cea, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

Aberto o acto pola presidencia, tratáronse, de conformidade coa orde do día, os seguintes asuntos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Cofeñcida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 10 de novembro de 2016.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 10 de novembro de 2016.

2.- APROBACIÓN DO MODELO DE ADHESIÓN (ANEXO I) DAS ENTIDADES LOCAIS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA CC.AA. DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEGAMP EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.-

Pola Alcaldía- Presidencia procédese a explicar que xa no mes de maio levouse o Convenio orixinal ao Pleno, e trátase neste Pleno extraordinario de aprobar a súa addenda.

O Alcalde- Presidente procede a continuación a dar lectura á addenda co teor literal seguinte:

“(…) Anexo I: MODELO DE DOCUMENTO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

En..., a...de.....de 20....



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 00 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dia.runa.es

Polo presente Acordo, o Ente Local adhírese ao Convenio marco de colaboración asinado, o día [***] entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

De conformidade coa cláusula sexta do Convenio marco de colaboración referido anteriormente, achegamos ao presente escrito o acordo expreso de adhesión adoptado polo Pleno do concello* (...)."

A continuación e tras as deliberacións correspondentes procédese á votación. Por unanimidade o Pleno da Corporación ACORDA aproba o MODELO DE ADHESIÓN (ANEXO I) DAS ENTIDADES LOCAIS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA CC.AA. DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEGAMP EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS, así como a súa remisión á Federación Galega de Municipios e Provincias.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO DITAME APROBACIÓN EXPEDIENTES MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 2016-CREXT-01 E 2016-SUPLE-01.-

O Presidente da Comisión Especial de Contas procede á lectura do Ditame favorable, e explica as modificacións propostas tendo en conta o disposto na Memoria da Alcaldía.

" (...) Debido a que tanto a Xunta de Galicia, Deputación...aprobaron diferentes programas para a anualidade 2016, nós, dende o Concello intentamos acudir a todos. Porén, tamén xurdiron imprevistos nalgunhas partidas de gasto que é necesario complementar, debido á súa urxencia. Cos sobrantes das subvencións denegadas intentaremos cubrir eses imprevistos nas partidas de mantemento de estradas, arranxo no colexio e mantemento de locais sociais (debido aos atrasos no PAS), fundamentalmente. (...)".

A continuación, o Presidente da Comisión Especial de Contas explica que os dereitos recoñecidos por IBI superaron as previsións, o cal non tivo que ver cos acordos de alteración catastral.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos pregunta canto se gastos no mantemento das Áreas recreativas.

O Presidente da Comisión Especial de Contas contesta que sobre 35.000 euros e que na mesma partida está o contrato de mantemento da piscina, socorrismo, mantemento das áreas recreativas, analíticas da piscina...

A continuación o Alcalde- Presidente procede a dar a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG Dona Nelly Iglesias Rey que intervéñ para preguntar sobre o Estudo Medioambiental.

O Alcalde explica que para acollermos nun futuro ás subvencións da UE, temos que ter o estudo realizado.

Tras as deliberacións oportunas, o Pleno, con oito votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e con tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG, **ACORDA:**

Considerando que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diazrua.es

crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de Novos ou Maiores Ingresos e Anulacións ou Baixas de Créditos doutras Aplicacións, por importe de 61.500,00 euros, por todo iso faise precisa a concesión dun suplemento de crédito financiado con aqueles recursos. Sendo necesario ademais o financiamento cos mesmos recursos, dun crédito extraordinario por importe de 1000,00 euros debido a que o crédito consignado nos Orzamentos resulta inexistente.

Considerando que con data 7-11-2016 emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que con data 9-11-2016, emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que con data 14-11-2016 se emitiu Informe de Avaliación do Cumprimento de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e que na mesma data emitíuse Informe de Intervención.

Logo de ver que un dos medios de financiamento correspóndese con novos ou maiores ingresos sobre os previstos por importe de 30.000 euros. Dicur, neste sentido, que, tal e como amosa a contabilidade de ingresos contabilizada ata este momento (agosto de 2016), o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade. Os datos se obteñen do padrón do IBI urbana e IBI rústica, amosando un exceso de dereitos recoñecidos sobre os previstos tal e como amósase na seguinte táboa:

Aplicación económica		PREVISIÓN	D. RECOÑECIDOS	DIFERENZA PREV/D.REC	IMPORTE FINANCIAMENTO MODIFICACIÓN
Cap.	CONCEPTO				
1	112 IMPOSTO DE BENS INMOBLES RÚSTICA	20.000,00	36.660,74	16.660,74	15.000,00
1	113 IMPOSTO DE BENS INMOBLES URBANA	144.697,41	159.916,72	15.219,31	15.000,00
			30.000,00		30.000,00

Estes dereitos non están recadados. Porén, a taxa de variación entre os dereitos recoñecidos no padrón e os recadados é do 0% nos últimos exercicios. Sendo prudentes, as modificacións orzamentarias non se realizan polo total da diferenza entre as previsións iniciais e os dereitos recoñecidos no padrón (31.880,05 euros), senón unicamente por importe de 30.000,00 euros.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Vista a Proposta da Alcaldía e o Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, de data 15 de novembro de 2016, e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa Especial de Contas adopta con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal de BNG, por maioría absoluta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2016-SUPLE-01 e 2016-CREXT-01 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo [a novos ou maiores ingresos e anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións], como segue a continuación:

Suplementos/ Créditos extraordinarios en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos totais
Progr.	Económica				
170	22706	Medio Ambiente.- Estudos e traballos técnicos. PROXECTO: 2016- 3-PSA16-17	4.500,00	2.000,00	6.500,00
171	21000	Parques e xardíns.- Infraestruturas e bens naturais	15.000,00	7.000,00	22.000,00
326	21000	Servizos complementarios de Educación.- Infraestruturas e bens naturais	35.000,00	5.000,00	40.000,00
326	22799	Servizos complementarios de Educación.- Outros traballos realizados por outras empresas	15.000,00	7.000,00	22.000,00
453	21000	Estradas.- Infraestruturas e bens naturais	16.217,70	30.500,00	46.717,70



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

459	13100	Outras infraestruturas.- laborais temporais PROXECTO: 2016-3-FEMR-18	44.825,67	1.600,00	46.425,67
459	16000	Outras infraestruturas.- laborais temporais PROXECTO: 2016-3-FEMR-18	14.186,79	1.400,00	15.586,79
920	22799	Administración Xeral.-Outros traballos realizados por outras empresas	15.000,00	7.000,00	22.000,00
Progr.	Económica	Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos totais
920	62300	Administración Xeral.-Maquinaria, instalacións e utillaxe	0,00	1.000,00	1.000,00
				62.500,00	

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo [a novos ou maiores ingresos e anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións] nos seguintes termos:

Altas en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
		112	IMPOSTO DE BENS INMOBLES RÚSTICA	15.000,00
		113	IMPOSTO DE BENS INMOBLES URBANA	15.000,00
			TOTAL de Altas	30.000,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Telefó: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

Baixas ou Anulacións en Concepto de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	627	Abastecemento domiciliario de auga potable.- Proxectos complexos	5.000,00	3.000,00	2.000,00
165	627	Alumeado público.- Proxectos complexos	29.270,55	2.000,00	27.270,55
171	62300	Parques e xardíns.- Maquinaria	13.000,00	3.500,00	9.500,00
4312	627	Mercados.- Proxectos complexos	12.000,00	12.000,00	0,00
432	627	Turismo.- Proxectos complexos	14.498,38	12.000,00	2.498,38
		TOTAL Baixas por anulación	73.768,93	32.500,00	41.268,93

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as 14:40 h, de todo o cal, eu, a secretaria dou fe.

O Alcalde, Presidente,

Roberto Martínez



A Secretaria

Carmen Gómez Otero